



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 25 DE XUÑO DE 2021

---

Alcalde substituto:

ALFREDO SOUTO CASTELO

Concelleiros:

ROBERTO CASTRO ROCAMONDE  
MARÍA JOSEFA CODESIDO BARREIRO  
ADELA ISABEL IGLESIAS TOJO  
GEMMA VERÓNICA LÓPEZ DE FUENTES  
XOÁN ANTÓN LOUZAO RODRÍGUEZ  
JESÚS MARTÍNEZ PEREIRA  
MANUEL PUGA GARCÍA  
JOSÉ LUÍS RAMOS BARREIRO  
DARÍO REY SUÁREZ

Secretario:

JOSÉ ANTONIO GÓMEZ PEDREIRA

Na Casa do Concello de Touro (A Coruña), sendo as doce horas e corenta e cinco minutos do día vinte e cinco de xuño de dous mil vinte e un, reuníronse os membros do Pleno do Concello arriba relacionados, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria para a que foran previamente convocados.

Reunindo os asistentes o quórum necesario para a válida celebración das sesións, polo señor Alcalde abriuse a sesión cos seguintes puntos na orde do día:

I.- BASES PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLADORAS DENTRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DE DEPUTACIÓN DE A CORUÑA 2021 E DE SERVICIOS ESENCIAIS DE CARÁCTER MUNICIPAL 2021 APROBADA POLA XG LOCAL DE 26 DE MAIO DE 2021, E OS RESPECTIVOS PROCESOS DE SELECCIÓN. ACORDO DE PETICIÓN DE DIMISIÓN DO SR. ALCALDE EN FUNCÍONS.

Polo Sr. Concelleiro D. Roberto Castro Rocamonde, en nome do grupo Marea Veciñal de Touro, tómase a palabra para manifestar que a cuestión é simple e sencilla; en data 22 de abril de 2021 apróbanse unhas bases relativas o programa de Integración Laboral de Deputación de A Coruña 2021 e de servicios Esenciais de carácter Municipal 2021, sendo presidente da mesma o Sr. Alcalde substituto e os demais concelleiros da mesma, asistidos polo Sr. Secretario. As bases aprobadas son nulas sen ningún matiz, porque a maioría dos criterios que se recollen nelas implican a existencia dunha baremación que non se ten realizado, é dicir, apróbanse sen baremación polo que son nulos, pero o Sr. Alcalde xa coñecía o procedemento que é o habitual, o que fan normalmente., e entendese que sospeiten que lle están a descubrir esta cacicada; por outra parte as bases non lle deron publicidade, foron publicadas cando as pediu o grupo de marea Veciñal, e publícanse un día despois de coñecerse os resultados, catro días despois de celebrarse as probas. Por outra parte -segue a dicir o Sr. concelleiro D. Roberto Castro- contestase que os candidatos son coñecedores dos baremos e que se llas explican no proceso de celebración da proba, pero ninguén sabe como se barema, nese ánimo

de ocultismo deixaron sen publicala, e a responsabilidade é súa ; tense pedido o Secretario informe sobre como se puntuaba e se baremaba segundo as bases. O Sr. Secretario négase a facer o informe , e pídeselle o Sr. Alcalde que llo requira o Sr. Secretario, finalmente o Sr. Secretario emite o informe a solicitude de cinco concelleiros, pero pídesse un informe o Sr. Secretario que este non fai, non informa do que se lle pide, deriva a cuestión , polo que o Sr. Secretario segue sen dar resposta a esa solicitude; a responsabilidade é do Sr. Alcalde substituto e tamén de todos os estamentos deste chiringuito, sendo o capitán do chiringuito o Sr. Alcalde Substituto, un capitán de cartón , aínda que hai un arquitecto do chiringuito, e soldados que executan, os compoñentes da comisión de selección, que extralimitándose chegaron a fabricar uns baremos a posteriori , arbitrarios, caprichosos e cheos de erros, tócoulle a vostede bailar coa mais fea- segue a dicir o Sr. Concelleiro D. Roberto Castro- posto que as bases son nulas pode acabar coa cabeza nun pozo, solicitando o voto a favor da proposta que textualmente di:

"Instar ao Sr. Alcalde Substituto D. Alfredo Souto, a dimitir do seu cargo de alcalde substituto polas súas responsabilidades nas irregularidades producidas nos procesos de selección de persoal ao abeiro do programa PEL-Concellos Reactiva 2021 e do Programa de contratación de persoal para traballos que afectan a servizos públicos esenciais de carácter municipal 2021"

Polo Sr. concelleiro D. Xoan Louzao en nome do grupo do BNG, manifestase que o seu grupo pediu o informe o Secretario para concretar como se ían a baremar as bases no proceso de selección, especificando que o seu grupo considera que era coherente que houbera unha transparencia, para que non houbera suspicacias, polo que entendían que había que esperar o informe do Secretario, por si houbera discriminación ou se puideran derivar sospeitas; presentado o informe, dedúcese que se debe mellorar, pero non se pode deducir que houbera discriminación, mas alá de que hai que mellorar as bases, tampouco se deduce que houbera falta de obxectividade, o seu grupo segue a dicir o Sr. Xan Louzao, non ve discriminación, apelando a honestidade do tribunal, entendendo que unha cousa é censurar as bases a outra distinta censurar o tribunal opositor. Estase a censurar quen fixo as bases, non o tribunal, nas conclusións non se deduce que houbera falta de obxectividade, polo que o seu grupo non vai apoiar esta proposta, censurando que non se fixeran ben as bases, e que é precisa máis información e que as bases recollan a baremación para que non haxa discrecionalidade, harmonizando os criterios, como por exemplo, e o marxe de que se trate de dous procesos de selección distintos , que se considere igual o concepto de parado de longa duración, polo que cree que hai que reformular as bases para outros procesos de selección, anunciando a abstención do seu grupo a esta proposta.

Pola Sra. Concelleira D<sup>a</sup> Gemma-Verónica López, en nome do grupo do PSG-PSOE, manifestase que o seu grupo gustaríalle saber cal é a versión que da o Sr. Alcalde, expresando que a súa posición é na mesma liña que a expresada polo grupo de Marea Veciñal e nese senso que co obxecto de acadar a necesaria transparencia veñen de apoiar ese Pleno, pero entende que é preciso saber que ten que dicir o Sr. Alcalde.

O Sr. Alcalde D. Alfredo Souto manifesta que non se sinte culpable neste tema porque entende que se fixeron ben as cousas. Está claro que o grupo Marea tiña un pleno pendente de convocar e tiveron a ocorrencia de propoñer os programas de emprego do Concello como asunto da orde do día, sen outro ánimo que o de crear conflitos.

Os programas de emprego, segue dicindo o señor Alcalde, son con toda seguridade unha das medidas sociais máis efectivas do goberno municipal para a inserción de xente en risco de exclusión laboral. Temos un dos programas de emprego máis ambiciosos de todos os concellos da comarca, tanto en número de traballadores contratados: 18, como na duración dos contratos: 5 meses.

O señor Alcalde manifesta tamén que o grupo de Marea Veciñal pretende poñer en cuestión as bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 21 de abril para a selección dos traballadores do PEL-Concellos Reactiva 2021 e o de Traballos que afectan a servizos públicos esenciais de carácter municipal. Os requisitos para contratar o persoal do PEL-Reactiva veñen fixados nas bases aprobadas pola Deputación Provincial, que foron publicadas no BOP nº 220, do 23 de decembro de 2020, limitándose a Xunta de Goberno a fixar un baremo de puntuacións, e o procedemento aprobado para

a contratación dos traballadores de ambos programas é o mesmo: Presentación de ofertas de emprego para cada unha das ocupacións no Servizo Galego de Emprego conforme ás bases aprobadas, preselección de candidatos pola Oficina de Emprego e posterior proceso de selección a cargo da Comisión designada nas bases.

Segue manifestando o señor Alcalde que o grupo Marea Veciñal critica tamén a falta de publicidade das bases aprobadas, posto que se privaría do seu coñecemento ao persoal que quixera participar na convocatoria, crítica que carece de todo fundamento posto que non se trata dunha convocatoria aberta, senón que se trata dunha convocatoria destinada a persoal desempregado inscrito na oficina de emprego como demandante de determinadas ocupacións, e que unha vez que se lles comunica pola Oficina de Emprego a súa preselección aos traballadores/as, estes poden consultar no Servizo de emprego municipal as características do posto ofertado (soldos, xornada, duración do contrato, etc) e as bases aprobadas para a selección de candidatos, de feito esa información dáselles a aqueles que a solicitan cando son citados para comparecer no proceso de selección. De todas formas ordenouse a publicación das bases reguladoras de ambos programas na páxina web do Concello.

O señor Alcalde segue dicindo, que outra crítica do grupo Marea Veciñal é o descoñecemento que tiñan os candidatos dos baremos específicos para aqueles criterios de selección que admitían gradación na puntuación. Estes baremos non se recolleron nas bases porque resulta imposible prever todos os casos que poden darse e a Comisión acordou eses baremos porque non se poden puntuar da mesma forma situacións persoais, familiares e económicas moi distintas. Criterios que se valoraron en base á declaración responsable asinada polos candidatos e na que se recollían todas esas circunstancias, polo que non se pode alegar descoñecemento dos baremos. Como proba final da eficacia do proceso hai que dicir que de 46 persoas participantes nos procesos só houbo unha reclamación.

O Sr. Alcalde D. Alfredo Souto segue a manifestar que o grupo Marea Veciñal trata de confundir, e derribar como sexa o goberno, sendo a cuestión chegar canto antes, especificando que se entenden que cometeu unha ilegalidade deben denuncialo a el.

Pola Concelleira D<sup>a</sup> Gemma-Verónica López manifesta que era preciso saber cal era a versión do Alcalde, pero que é certo que hai un problema, pois senón non estaríamos aquí, pois o tema non é de menor importancia porque xenera certas desconfianza, polo que é preciso que teña a máxima transparencia, para non crear desconfianza na xente, cuestión que tamén é prexudicial para os propios traballadores, consecuentemente pídeselle transparencia e máximo respecto para non crear inxerencias na veciñanza, anunciando a abstención do seu grupo, unha vez lido o informe do secretario, do non poden extraer que houbera irregularidades, poñendo de manifesto que iso non implica que sexa precisa a máxima transparencia neste tema.

Polo Sr. Concelleiro D. Roberto Castro maniféstase que o Sr. Alcalde acaba de dicir que a Xunta de Goberno aprobou o baremo das puntuacións, e despois dixo que aprobou o baremo específico, ¿cómo pode dicir que a Xunta de Goberno aprobou a baremación?, a Xunta de Goberno non aprobou a baremación que o que tiña que aprobar, por iso as bases son nulas sen matices, e esa é a causa pola que se pide a súa dimisión, porque leva á Xunta de Goberno unhas bases sen baremos; ten que dimitir porque aprobaron unhas bases que son nulas, todo un relato de torpezas que nos leva a esta situación, seguimos esperando o informe do Sr. Secretario, o informe que se lle solicitou, que foi un informe sobre unhas bases ; especificando que o Sr. Alcalde acaba de enredarse na súa rede.

O Sr. Alcalde manifesta que xa lle dixo o que tiña que dicir, e se teñen algo pois vaian o xulgado.

O Sr. Roberto Castro manifesta que saben distinguir entre as responsabilidades políticas e as penais, o que aprobaron é unha trapallada , e o responsable é vostede sobre o papel, por iso a responsabilidade esíxelle a vostede, especificando que a solicitude do informe tiña por finalidade levalo a fiscalía.

Sometida a votación a proposta do grupo Marea veciñal na que se solicita a dimisión do Sr. Alcalde substituto D. Alfredo soto castelo, o Pleno por tres votos a favor( Marea Veciñal de touro), cinco en contra ( PP), e dúas abstencións,( BNG, PSG-PSOE) rexeita a proposta.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo señor Alcalde declarouse finalizada a sesión sendo as trece horas e quince minutos do día ao principio indicado, levantándose a presente acta autorizada coa firma do señor Alcalde e de min, o Secretario, que dou fe.